



Guía Docente

Datos Identificativos					2012/13
Asignatura (*)	Métodos e técnicas para a elaboración e presentación de traballos de investigación			Código	613484005
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3	
Idioma	CastelánGalegoInglés				
Prerrequisitos					
Departamento	Filoxía Inglesa				
Coordinación	Nuñez Ponte, Carolina		Correo electrónico	c.nunez@udc.es	
Profesorado	Nuñez Ponte, Carolina		Correo electrónico	c.nunez@udc.es	
Web					
Descrición xeral	Metodoloxía e técnicas para a elaboración e presentación de traballos científicos, patrones formais para a presentación de traballos por escrito e a súa defensa oral, uso de distintos métodos de referencias bibliográficas e recursos dispoñibles para os/as investigadores/as.				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Aprender a investigar sobre, redactar e presentar diferentes tipos de traballos académicos	AM1	BM1	CM1
	AM2	BM2	CM2
	AM3	BM3	CM3
	AM4	BM4	CM4
	AM5	BM5	CM5
	AM6	BM6	CM6
	AM7	BM7	CM7
	AM8	BM8	CM8
	AM9	BM9	
	AM10		
	AM11		
	AM12		
	AM13		
Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes.	AM1	BM1	CM8

Contidos

Temas	Subtemas
1. Introducción	1.1 Panorámica xeral
2. Métodos, teoría e crítica	2.1 Os diferentes métodos según as diferentes escolas críticas (e.g. deconstrución, dialoxía, formalismo, etc.)
3. Tipos de traballos de investigación	3.1 Traballo fin de máster, relatorio, recensión, capítulo de libro, artigo, tesña, tese, etc.



4. Contidos	<p>4.1 Tema</p> <p>4.2 Obxectivos</p> <p>4.3 Hipótese/s de partida</p> <p>4.4 Metodoloxías e correntes críticas</p> <p>4.5 Selección de fontes</p> <p>4.6 Corpus</p> <p>4.7 Conclusións</p>
5. Aspectos formais	<p>5.1 Diferenzas entre os ámbitos hispánico e anglosaxón</p> <p>5.2 Resumos ("abstracts")</p> <p>5.3 Palabras chave</p> <p>5.4 Introducción</p> <p>5.5 Formulación da tese ("thesis statement")</p> <p>5.6 Corpo do traballo (e.g. os parágrafos)</p> <p>5.7 Citas</p> <p>5.8 Conclusións</p> <p>5.9 Notas</p> <p>5.10 Bibliografía: fontes primarias e secundarias, obras consultadas e obras citadas</p>
6. Presentación e publicación dos traballos	<p>6.1 Cómo presentar un traballo oral (e.g. relatorio vs. tese)</p> <p>6.2 Cómo e onde publicar os traballos</p>
7. Cuestións legais e normativas.	7.1 Plaxio, dereitos de propiedade, dereitos de autor/a, copyright, patentes, etc.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	6	12	18
Aprendizaxe colaborativa	6	0	6
Actividades iniciais	1	0	1
Seminario	25	19	44
Resumo	2.5	0	2.5
Presentación oral	0.5	2	2.5
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p>
Aprendizaxe colaborativa	<p>Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.</p>
Actividades iniciais	<p>Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.</p>



Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario.
Resumo	Consiste nunha síntese dos principais contidos traballados. É un recurso óptimo para facilitar a comprensión do texto e a concentración persoal sobre o material obxecto de estudo. É tamén unha axuda importante para o repaso e a preparación de exames.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Presentación oral	Os/As estudantes deberán pasar a verme nas tutorías, por o menos dúas veces, antes ou durante a súa realización do traballo e antes da presentación oral. Estou disposta a fixar as citas cando nos veña ben a todos/as.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	Neste apartado, teranse en conta dúas cousas: -algúns exercicios de escritura feitos e comentados na clase -as preguntas e comentarios do estudantado durante a presentación oral individual do resto de compañeiros/as--ver abaixo	10
Resumo	Teredes que facer un resumo/"abstract"; para o traballo descrito enriba. Antes diso, teredes que dar-me as vosas preferencias para que poda facer unha convocatoria de traballos ("call for papers"); suficientemente interdisciplinar	10
Traballos tutelados	Cada estudante escribirá un ensaio curto, do tipo dos relatorios dos congresos. O tema e a metodoloxía do ensaio son de vosa elección. A estrutura deberá ser a seguinte: -introdución -formulación da tese ("thesis statement") -corpo -conclusións -lista de fontes citadas O resto das directrices serán explicadas na clase	35
Seminario	Faremos unha posta en común das lecturas. As vosas intervencións deberán probar a realización das mesmas. Por o tanto, espero que viñades a aula con preguntas, dúbidas e comentarios preparados de antemán	25
Presentación oral	Faremos un simulacro de congreso, onde cada estudante terá que presentar o seu traballo tutelado	20

Observacións avaliación



-Os traballos que amosen indicios de plaxio serán calificados cun "0"

-Sempre que sexan de interese para o curso, estou disposta a incluír cuestións e materiais suxeridos por os/as alumnos/as

-As persoas matriculadas a tempo parcial e que solicitasen e obtivesen dispensa académica deberán entregar as actividades avaliábeis nas condicións e nos prazos específicos que se establecerán a tal efecto e que o/a profesor/a comunicará a alumnado afectado no inicio do curso

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Recursos para a investigación da literatura/613484007

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías